

galicia

Rapa das Bestas

programación
2019

XUNTA DE GALICIA

GL

OS CURROS DE CABALOS SALVAXES: “A RAPA DAS BESTAS”

A existencia aínda hoxe en día de mandas de cabalos salvaxes nos montes é testemuña do pasado ancestral de Galicia. Cada ano durante os meses estivais procédese ao corte de crinas, colas e á desparasitación destes animais, que malia viviren ceibos nos montes teñen dono. Estes traballos, convertidos nunha tradición atávica en varias localidades de Galicia, son unha loita corpo a corpo entre homes e cabalos na que non se utiliza ningún tipo de utensilio para sometelos. Os animais son conducidos desde o monte entre varias persoas aos curros ou recintos das localidades onde se procede a rapalos. En municipios coma Viveiro, Oia, Cedeira ou Mondoñedo celebran esta tradición, aínda que quizais sexa Sabucedo, en Pontevedra, o que mellor conserva este ritual único en España. Son os aloitadores, as persoas que reducen os cabalos, protagonistas desta práctica, na que anualmente se inician varios mozos, xunto cos cabalos. O cabalo salvaxe galego é robusto e de pouca alzada e adaptado á vida no monte. E sempre é **tratado con respecto** polos participantes nos curros.






É un espectáculo de extraordinaria forza e atractivo que ten lugar nos curros. Estes, ás veces, constan de unicamente unhas estacadas ou un cerrume de tea metálica. Noutras ocasións aproveitase unha valgada. Os máis modernos son de cachotaría. O antigo de Sabucedo (A Estrada, Pontevedra) construíuse no século XVIII, acaroado á igrexa, con boa cantaría que serve de asento para os visitantes. Desde 1997 ten un novo curro con forma semicircular e con capacidade para 1.500 persoas. Debido ao interese antropolóxico e mediático que esperta esta festa, cada ano asiste gran número de público a presenciar nos curros este auténtico espectáculo etnográfico. Unha vez rematado, os cabalos serán devoltos ao monte para continuaren a súa vida en total liberdade. A celebración complétase coa degustación por parte de aloitadores e asistentes das delicias da gastronomía galega, como son as empanadas, o polbo á feira ou o viño, sempre amenizada con música tradicional interpretada con gaitas e pandeiretas. Vas deixar pasar un acontecemento tan auténtico coma este?

● Festas de Interese Turístico **Internacional**

● Festas de **Galicia** de Interese Turístico

● Outros curros



RAPA DAS BESTAS (Curros)

Programación

Páx.

Festas de Interese Turístico **Internacional**

Curro de Sabucedo (A Estrada).....6

Festas de **Galicia** de Interese Turístico

Curro de Candaoso
(Santo André de Boimente - Viveiro).....8

Outros curros

Outros curros.....10

SABUCEDO (A Estrada)

Festa de Interese Turístico Internacional

Data: do 4 ao 8 de xullo
(primeira fin de semana de xullo)

Xoves, 4

22:00h: 9ª Gala Rapa das bestas de Sabucedo

Venres, 5

06:30h: Tradicional misa na alborada na honra de San Lourenzo, patrón de Sabucedo

07:00h: Saída desde o Celeiro na procura das bestas

14:00h: Xuntanza das greas na chaira do Peón e “Baixa” das bestas para o peche do Castelo.

23:00h: Festival Rapasons, Tanto nos ten, Monoulous Dop, Os Benignos, Funkiwis

Sábado, 6

11:00h: Subida para o monte desde o Celeiro na procura das bestas

14:00h: Baixa das bestas desde o peche ata Sabucedo

16:00h: Banda de Música Cultural da Estrada

17:00h: Rapasons. MEKANIKIA ROLLING BAND

18:30h: Rapasons. TEQUXETELDERE e AIRIÑOS DE CALDELAS

19:00h: Primeira RAPA no Curro.

22:30h: Verbena popular a cargo de GRAN PARADA e D´MODA

Domingo, 7

11:30h: Rapasons. ROSA CEDRÓN e AIRIÑOS DE CALDELAS

12:00h: Segunda RAPA no Curro

14:00h: Rapasons. FESTICULTORES

15:30h: Rapasons. Foliada: ORADALADOU, PANDERETEIRAS DO VAL DE QUIREZA, CON FOULA, PABLO DÍAZ (música infantil), DE VACAS e OS CARUNCHOS

22:30h: Verbena popular a cargo de NEW YORK e MIRAMAR

Luns, 8

12:00h: Terceira RAPA no Curro

12:00h: RapaSons. AIRIÑOS DE CALDELAS

18:00h: Solta das bestas para os seus montes de procedencia

Máis información:

<http://rapadasbestas.gal/edicion-2019/>



CANDAOSO (Boimente-Viveiro)

Festa de Galicia Interese Turístico

Data: do 6 ao 7 de xullo
(primeira fin de semana de xullo)

Sábado, 6

A partir das 20:00 h: Degustación gratuíta (chourizos de poldro e mini hamburguesas de poldro)

Á noite: Gran Verbena (Grupo FÉNIX, Disco móvil DECIBELIOS)

Domingo, 7

Típicas sopas de allo

10:00h: Baixada do gando e peche do curro

12:00h: Degustación de chourizos e mini hamburguesas de Poldro

Sesión Vermú co grupo FENIX

15:30 a 17:00h: Inscricións e medición dos cabalos no Circuito das Carreiras

17:30h: Carreiras e competicións.

Ao finalizar as competicións farase a entrega de premios no campo da festa

Máis información:

<https://www.viveiroturismo.gal/>

<https://www.facebook.com/turismoviveiro>





Outros Curros

Maio

- **Curro de Valga**, en Oia (Pontevedra), segundo domingo.

Xuño

- **Curro de Torroña**, en Oia (Pontevedra), primeiro domingo.
- **Curro de Mougás**, en Oia (Pontevedra), segundo domingo.
- **Curro de Morgadáns**, en Gondomar (Pontevedra), terceiro domingo.
- **Curro de San Cibrán**, en Donas-Gondomar (Pontevedra), cuarto domingo.
- **Curro da Capelada**, en Cedeira (A Coruña), último domingo.
- **Curro Campo do Oso**, na Pastoriza-Mondoñedo (Lugo), último domingo.



Xullo

- **Curro de Amil**, en Amil-Morana (Pontevedra), segundo domingo.
- **Curro de Monte Castelo**, en Cotobade (Pontevedra), segundo domingo.

Agosto

- **Curro de Monte Castelo**, en Cotobade (Pontevedra), primeiro domingo.
- **Curro Recarei-Santo Tomé**, no Valadouro (Lugo), primeiro domingo.
- **Curro da Paradanta**, en Luneda-A Caniza (Pontevedra), cuarto domingo.





galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA